



INFORMACIÓN PARA O CURSO 2021-2022

Setembro 2021

DIRECCIÓN DO CENTRO:

Titular, director do centro e coordinador de 3.º, 4.º, 5.º e 6.º de EP: Juan J. Vidal Fernández
Xefa de estudos: Belén Mouriño Carballido
Coordinadora de EI e 1.º e 2.º de EP: Mª Amalia Sieiro Eiriz
Coordinadora de ESO: Beatriz Díaz-Robles Iglesias.
Coordinadora de Pastoral: Virginia Vila Martínez

TITORES DE EDUCACIÓN SECUNDARIA:

| | |
|--------------------------------------|-----------------------------------|
| 1.º A : Beatriz Martínez Vilasánchez | 1.º B: Salvador Folgar Couselo |
| 2.º A : Elena Seoane Leal | 2.º B: Melissa González Rodríguez |
| 3.º A: Ángel Fernández Romero | 3.º B: Manuel Gómez Pazos |
| 4.º A: Jorge Felpeto Rodríguez | 4.º B: María Jesús Alonso Castro |

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS:

SERVIZO DE COMEDOR. O prezo será de 125 € mes (prezos especiais para dous ou máis irmáns e para o alumnado que se queda varios días á semana). Tamén haberá a opción de mercar un ticket diario na secretaría cun prezo de 8 € (prazas limitadas). Os prezos inclúen menú e coidado dos nenos.

GABINETE PSICOPEDAGÓXICO e SERVIZO DE AULA (Plataforma educamos, wifi, ordenadores, mantemento do edificio). O prezo será de 20,70 €/mes.

Como sabedes as actividades complementarias, as actividades extraescolares e os servizos complementarios teñen carácter voluntario.

SEGURO ESCOLAR. Este ano a póliza terá o prezo de 13 € alumno/ano. É importante e recomendable para todo o alumnado subscribirse. Cobrarase no mes de outubro.

MATERIAL ESCOLAR DE EDUCACIÓN SECUNDARIA: 50 € que se pasarán en tres cotas, de 18 € no mes de outubro, de 17 € no mes de novembro e de 15 € no mes de decembro.

DATAS DE AVALIACIÓN, EXAMES E RECUPERACIÓNS

| PRIMEIRO TRIMESTRE: | SEGUNDO TRIMESTRE: | TERCEIRO TRIMESTRE: |
|---------------------------------------|--|--|
| Preavaliación 3 de novembro. | Preavaliación 23 de febreiro. | |
| Exames 9, 10, 13, 14 e 16 decembro. | Exames 28,29,31 de marzo e 1 e 4 de abril. | Exames 27, 30, 31 de maio e 2 e 3 de xuño. |
| Entrega de notas 21 de decembro. | Entrega de notas 8 de abril. | Último día lectivo 22 de xuño |
| Recuperacións: 11, 13 e 14 de xaneiro | Recuperacións: 20,21 e 22 de abril. | |

NORMAS DE CONVIVENCIA

O colexio aspira a manter unha convivencia harmónica entre todos os seus membros, por isto estima que o cumprimento das normas de convivencia é fundamental para o bo desenvolvemento da vida escolar.

A mediación escolar está contemplada, dentro do plan de convivencia, para a resolución de conflitos entre iguais. Estas normas están a vosa disposición na web do colexio www.ciamariaferrol.org. Se alguén tivese problemas para poder acceder a nosa web, poderá solicitar unha copia na secretaría do colexio.





HORARIO:

Mañá de 8.25h /8.30 h a 14.15h/14.20 h.

Martes pola tarde de 16.25h/16.30 h a 18.05h/18.10 h.

Este é o horario do comezo e finalización das clases.

* As portas abriranse ás 8:15 e ás 16.15 para que o alumnado poida ir entrando de xeito ordenado.

PERÍODOS DE VACACIÓNS

Nadal: desde o día 22 de decembro de 2021 ata o día 7 de xaneiro de 2022, ambos inclusive.

Entroido: días 28 de febreiro, 1 e 2 de marzo de 2022.

Semana Santa: desde o día 11 ata o 18 de abril de 2022, ambos inclusive.

DÍAS FESTIVOS

Ademais das festas de ámbito estatal, son días non lectivos os festivos así declarados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, en exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, na súa redacción dada polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, e as festas laborais de carácter local publicadas por resolución da devandita consellería.

- A festividade do Día do Ensino (11 de outubro de 2021).

- Días non lectivos aprobados polo claustro: 7 de decembro de 2021 e 16 de maio de 2022.

CELEBRACIÓN DE CONMEMORACIÓNS. Estas datas son lectivas a todos os efectos

Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

20 de novembro de 2021: Día Universal da Infancia.

25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2021: Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.

3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

24 de xaneiro de 2022: Día Internacional da Educación.

30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz.

24 de febreiro de 2022: Día de Rosalía de Castro.

8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller.

15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.

Do 7 ao 11 de marzo de 2022: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.

7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.

Entre o 18 ao 22 de abril de 2022: Semana do Libro.

2 de maio de 2022: Día Internacional contra o Acoso Escolar.

9 de maio de 2022: Día de Europa.

Do 16 ao 20 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas.

5 de xuño de 2022: Día Mundial do Medio Ambiente.

FESTAS DA COMPAÑÍA DE MARÍA:

Nena María (21 de novembro) e Santa Xoana de Lestonnac (15 de maio).

OBXECTIVO DA COMUNIDADE EDUCATIVA PARA ESTE ANO:

“Agradecendo a vida en Compañía”

Un saúdo

A dirección

Eu, (pai, nai, titor) do
alumno/a.....

coñezo e acepto as normas de convivencia do colexio.

Asinado: